

A CÁMARA DE COMERCIO DE TUI SÚMASE Á ELABORACIÓN DA `ESTRATEGIA 2030` DE COOPERACIÓN INTELIXENTE DO RÍO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO

O deputado de Cooperación Transfronteiriza e director da AECT Río Miño, Uxío Benítez, e parte do equipo técnico e científico do proxecto Smart Minho, veñen de manter unha reunión coa directiva da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Tui para a elaboración da `Estratexia 2030` de Cooperación Intelixente do Río Miño Transfronteirizo, na que se materializou o compromiso da asociación tudense a sumarse á construción deste documento estratéxico. Así o manifestou o presidente da Cámara, Gumersindo Alonso, quen destacou a súa satisfacción por formar parte dun “proxecto tan ilusionante” e amosou a súa disposición a traballar conxuntamente nesta iniciativa.



Pola súa banda, o deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, agradeceu “a implicación da Cámara”, e destacou “a importancia de contar cunha organización como esta que representa a gran parte do sector económico do Baixo Miño”. Benítez incidiu na relevancia que terá a estratexia para o territorio “xa que é a primeira vez que se elabora un documento así, tomando o río Miño como un eixo vertebrador

entre os dos dous países, e non como un elemento de separación". Así mesmo, destacou a importancia da participación dos axentes locais na redacción dun documento que "marcará as directrices da cooperación entre Galiza e Portugal durante a próxima década, e que se fai dende abaixo, contando coa opinión e as achegas da cidadanía, verdadeira protagonista do proxecto".

Na xuntanza, o director da AECT Río Miño tamén tivo a oportunidade de coñecer o anteproxecto de reforma da antiga alfándega de Tui, aprobado por Patrimonio, un local de tres plantas e 718 m², propiedade da Cámara, e que se barallou como posible futuro centro de iniciativas transfronteirizas.

A elaboración dunha `Estratexia 2030´ de Cooperación Intelixente do Río Miño Transfronteirizo enmárcase no proxecto Smart Minho, que conta cunha inversión de orzamento de 942.022,47 euros, cofinanciado ao 75% polo programa INTERREG VA POCTEP, fondos FEDER da Unión Europea.